

Autor: VARIOS
Ano: 2004
Título: *La educación en contextos multiculturales: diversidad e identidad*
Lugar: Valencia
Editorial: Sociedad Española de Pedagogía

A obra *Educación en contextos multiculturales: diversidad e identidad* recolle os traballos do XIII Congreso Nacional e II Iberoamericano de Pedagogía celebrado en Valencia no mes de setembro. Abórdase nela non unicamente a problemática actual, senón a relevancia pedagóxica e social da diversidade na sociedade.

A publicación está estruturada en oito seccións, destinadas a organizar o campo de estudo en grandes bloques coas seguintes temáticas: Interculturalismo, globalidade e glocalidade. Estratexias de encontro para a educación, presidida polo profesor Doutor D. José Manuel Touriñán López; A construción histórica da identidade e a diversidade: ideas, linguaxes, políticos e prácticas pedagóxicas, polo profesor Doutor D. Alejandro Mayordomo Pérez; Identidade e cidadanía: cara a unha sociedade intercultural, pola profesora Doutora Dona Margarita Bartolomé Pina; Institucións e escenarios para un currículo multicultural, polo profesor Doutor D. Manuel Lorenzo Delgado; A formación do profesorado para unha educación

intercultural, polo profesor Doutor D. José Manuel Esteve Zarazaga; Novos horizontes na investigación educativa, polo profesor Doutor D. Arturo de la Orden Hoz; Fenómenos migratorios, multiculturalidade e educación: perspectiva comparada, polo profesor Doutor D. José Luis García Garrido; e Exclusión social e educación pola profesora Doutora Dona Amparo Almarcha Barbado.

Cada unha destas seccións, por medio dos seus presidentes, elaborou un documento marco que foi empregado polos diversos relatores coa finalidade de axustarse aos contidos de cada espazo e dalles respostas concretas ás oito temáticas presentadas.

Os resultados de cada sección poden sintetizarse en:

A necesidade de repensar o interculturalismo é un feito ineludible no ámbito da educación, que debe de ser abordado desenvolvendo estratexias de encontro con fundamento en principios que permitan buscar a converxencia entre diversidade, identidade localizada, globalización e pluralismo. Neste

sentido, a sociedade civil ten un papel de singular importancia na promoción e fomento da cultura que debe ser xestionada con criterios de profesionalidade e con sentido de responsabilidade compartida. O seu carácter público e social refórzase coa defensa da diversidade e da inclusión como dereitos. A comunicación intercultural non é só unha proposta de dereitos e un compromiso moral, de xeito prioritario é a promotora de innovación e o instrumento de fortalecemento persoal e de grupo, xa que a tensión entre a defensa da identidade na propia comunidade e o imperativo de mundialización non se esgota no respecto á cultura do outro, senón que conleva, ademais, a aceptación e acollida da súa persoa.

O profesor Pedro Ortega ofrece o vreiro da Pedagogía da Alteridade como marco teórico dunha educación intercultural, que contempla non só a interacción das diferenzas culturais (ideas, valores e crenzas), senón dos diferentes (Varios, 2004, p. 47).

A Pedagogía contemporánea aportou diversas opcións e propostas relacionadas co marco conceptual. A Pedagogía das ciencias do espírito intenta restablecer un mundo de valores; o pragmatismo norteamericano, por outro lado, acolle no seu ideario filosofías e pedagogías da diferenza e da alteridade. Propostas, que de xeito reiterado, se viron obstaculizadas ou anuladas por circunstancias socio-políticas graves como a perversión dos ideais demo-

cráticos, o auge dos totalitarismos, o impacto da guerra fría, etc.

A formación para a cidadanía intercultural supón ampliar o concepto de cidadanía en xeral, cara a unha visión que artelle igualdade e diferenza, e incorpore a dimensión cultural e o recoñecemento das distintas identidades culturais nos procesos educativos e sociais. Dita formación está baseada na visión dinámica e histórica das culturas, recoñece os procesos de hibridación cultural presentes na sociedade, e oriéntase cara á superación de visións distintas das relacións entre os diferentes grupos. Esta implica a aprendizaxe no exercicio da participación socio-política de todas as persoas que conviven nun mesmo territorio.

O profesor Gairín Sallán indica que a escola para todos esixe promover e impulsar respostas educativas que teñan en conta a realidade intercultural, o que supón combinar as accións dos sistemas educativo e social coas iniciativas dos propios centros educativos, flexibilizando as estruturas organizativas e incidindo no funcionamento do sistema relacional (Varios, 2004, p. 274).

Así, a escola intercultural debería ter como horizonte e finalidade a formación de persoas con mentalidade cosmopolita, que potenciase a construción da identidade persoal e cultural en relación cos outros, coa sociedade do coñecemento e co mundo. Facendo

especial fincapé na formación dos profesores cara á convivencia, no respecto e a tolerancia, entre distintos xeitos de ver o mundo, dende o convencemento que a diversidade de linguas e culturas son unha riqueza común.

A actualidade do tema e a necesidade de dar respostas leva a desenvolver liñas de investigación arredor da resistencia cultural. Suxírese profundar na temática co fin de buscar mellores estratexias, metodoloxías e métodos para responder ás relacións profesor-alumno, alumno autóctono-alumno inmigrante no ámbito propiamente escolar, pero tamén vida comunitaria da sociedade civil.

Outra variable a ter en conta, son as implicacións dos diversos sistemas de atención educativa que se aplican nos países de acollida da Unión Europea, respecto aos de orixe. As políticas educativas da poboación inmigrante deben inscribirse nun contexto de políticas de carácter social, que permitan unha planificación global abordando factores relativos á sanidade, ao mercado de traballo, á vivenda, etc. afrontando as discriminacións que sofren estes colectivos nas nosas sociedades (Varios, 2004, p. 642).

Concluír sinalando que é responsabilidade dos poderes públicos o cumprimento dos principios da educación democrática sustentados na igualdade e na non discriminación, así como na atención ás necesidades interculturais da poboación inmigrante. Polo tanto, a educación debe ser un instrumento que garanta a integración social e cultural de todos os colectivos sociais, institucionalizando un medio igualitario como é a escola, para que dote a todos os suxeitos de capacidades con que enfrontarse en pé de igualdade fóra dela. E isto require un deseño de políticas educativas que garantan a igualdade de acceso á educación, tanto no ámbito interno dos centros escolares como no tratamento, nos resultados académicos e na integración comunitaria.

Para rematar, comentar o sentir compartido de todos os relatores para que se desenvolvan actos conxuntos como conferencias e mesas redondas. Neste caso, cabe destacar a conferencia da profesora Adela Cortina, na que se sinala a importancia de chegar a presentar unha ética de mínimos, e a do profesor Juan Escámez, de dar respostas e ofrecer espazos válidos para a emigración.

María Esther Olveira Olveira
Universidade de Santiago de Compostela

